

**XVII  
PAD  
RÓN  
10K**

# XVII PADRÓN 10K

**Data:** sábado, 23 de febreiro de 2019.

**Hora:** a partir das 16:00h.

**Lugar:** Padrón (Campo do Souto).

**Distancia:** de 100m. a 10 km.

**Organiza:** Concello de Padrón.

## REGULAMENTO

### 1.- PARTICIPACIÓN

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago de Compostela).

### 2.- CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

✚ Pitufo F/M:	Nadas/os en 2015 e posteriores.
✚ Prebenxamín F/M:	Nadas/os en 2012, 2013 e 2014
✚ Sub 10 F/M:	Nadas/os en 2010 e 2011
✚ Sub 12 F/M:	Nadas/os en 2008 e 2009
✚ Sub 14 F/M:	Nadas/os en 2006 e 2007
✚ Sub 16 F/M:	Nadas/os en 2004 e 2005
✚ Sub 18 F/M:	Nadas/os en 2002 e 2003
✚ Sub 20 F/M:	Nadas/os en 2000 e 2001
✚ Sub 23 F/M:	Nadas/os en 1997, 1998 e 1999
✚ Senior F/M:	Nadas/os entre 1984e 1996
✚ Máster A masc/fmno:	Nadas/os entre 1974 e 1983
✚ Máster B masc/fmno:	Nadas/os entre 1964 e 1973
✚ Máster C masc/fmno:	Nadas/os en 1963 e anteriores.

### 3.- PERCORRIDOS E HORARIOS

A saída e chegada das probas estará situada no Campo do Souto.

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
16:00 h	PITUFOS	100 m. aprox.
16:10 h	PREBENXAMÍN	500 m. aprox.
16:20 h	SUB 10	500 m. aprox.
16:30 h	SUB 12	1000 m. aprox.
16:45 h	SUB 14 – SUB 16	3300 m. aprox.
17:30 h	SUB 18	5 KM (homologada)
17:30 h	SUB 20 - SUB 23 – SENIOR - MASTER	10 KM (homologada)

## 4.- INSCRICIÓNS E PRAZOS

O prazo de inscrición de participantes no **XVII PADRÓN 10K** abrirase o venres 18 de xaneiro de 2019 ás 22:00 h e pecharase o mércores 20 de febreiro de 2019 ás **23:59 h**. Non se admitirán inscricións fóra do prazo indicado.

As inscricións en todas as súas categorías realizaranse na web [www.emesports.es](http://www.emesports.es) .

(Tlf. soporte técnico: 654 28 56 92 – Email: soporte@emesports.es)

## PREZO DA INSCRICIÓN

- Categorías escolares (ata sub 16):	<b>Gratuita</b>
- Adultos (de sub 18 a máster):	<b>6 €</b>

## 5.- DORSAIS e CHIPS

A recollida de dorsais realizarase o día da proba no Pavillón do Souto (Campo do Souto) en horario de 11:30 a 13:00 horas (recomendable) e a partir das 15:00 horas ata media hora antes do inicio de cada proba.

Os dorsais e o chip cedidos pola organización son persoais e intransferibles. Para facilitar a xestión das carreiras non se darán dorsais nin chips fóra dese prazo. O dorsal deberá ir colocado na parte anterior do corpo, en toda a súa extensión e de xeito visible e o chip suxeito nas zapatillas (todos/as os/as corredores/as teñen a obriga de devolver o chip ao finalizar a súa proba). Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal ou non leve ou devolva o chip será descalificado a criterio do xuíz árbitro da proba.

É obrigatorio devolver o chip ao finalizar a proba.

## 6.- DESCALIFICACIÓNS

Todo/a corredor/a que incumpla as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos RFEA e FGA en vigor referentes a probas en ruta, será descalificado a criterio do xuíz árbitro da competición.

Todas as reclamacións deberán ser dirixidas ao xuíz árbitro da competición cun prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

## 7.- PREMIOS EN METÁLICO

### Premios individuais absoluta M/F

**1ª - 250 €**

**2ª - 175 €**

**3ª - 100 €**

**4ª - 60 €**

**5ª - 40 €**

### Equipos federados

**1º - 300 €**

**2º - 200 €**

**3º - 100 €**

## Sistema de puntuación e clasificación por equipos

A clasificación por clubs federados será establecida a través dos 10 primeiros corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acaden. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 10º compoñente.

Os equipos poderán ser mixtos.

Só se admitirá a participación de clubs federados nos premios en metálico, que terán que remitir o listado dos atletas co selo oficial da Federación Galega de Atletismo ou no seu defecto da Delegación correspondente ó [santiago@atletismo.gal](mailto:santiago@atletismo.gal), no prazo de inscrición da proba absoluta. Na confección do clube non poderán entrar atletas pertencentes a outros clubs nin filiais do mesmo.

Todos os membros dos clubs participantes deberán estar inscritos correctamente na web [www.emesports.es](http://www.emesports.es).

## 8.- TROFEOS e MEDALLAS

- ✓ Trofeos para os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento.
- ✓ Trofeos para os/as 3 primeiros/as da clasificación xeral da proba de 10 k.
- ✓ Trofeo para o/a 1º/a corredor/a local da clasificación xeral da proba de 10 k.
- ✓ Trofeos para os 3 primeiros equipos clasificados da proba absoluta.
- ✓ Trofeo **Participación**, ao colexio/clube con máis corredores inscritos que finalizen a proba.
- ✓ Trofeo **Supermáster**, ao participante de máis idade que finalice a proba, indistintamente sexa home ou muller.
- ✓ Trofeo **Benxamín**, ao participante de menos idade que finalice a proba, indistintamente sexa neno ou nena.
- ✓ Medallas para os/as participantes nas categorías escolares (de pitufo a sub 16).

## 9.- PREMIOS ESPECIAIS E AGASALLOS

- Premio **TERMAS DE CUNTIS**: 3 invitacións para 2 persoas ao Aquaform do Balneario de Cuntis aos 3 primeiros/as clasificados/as da xeral da proba de 10k.
- Obsequio de **VERMÚ ST PETRONI** aos 3 primeiros/as da clasificación xeral da proba de 10k.
- Obsequio de **VERMÚ ST PETRONI** ao 1º/1ª corredor/a local da proba de 10k
- Cheque regalo de 25 € a utilizar en **SUPERMERCADOS FROIZ** de Padrón para o/a 1º/1ª corredor/a local na proba de 10k
- Agasallo para todos os participantes nas categorías escolares ata esgotar existencias.
- Camiseta técnica para todos os/as participantes do resto de categorías ata esgotar existencias.

## 10.- ENTREGA DE PREMIOS E TROFEOS

### Categorías escolares (ata sub 16 incluído)

Os/as participantes recibirán unha medalla pola súa participación tras cruzar a liña de chegada.

Os/as 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría recibirán os seus trofeos ás 17:30 h, inmediatamente despois da saída da proba de 10k, nun podio habilitado nas proximidades da liña de chegada.

### **Adultos (de sub 18 ata máster)**

Unha vez rematada a proba absoluta, a entrega de premios e trofeos será na liña de chegada, ás 19:15 h.

O pagamento dos premios en metálico realizarase por transferencia bancaria, para o cal é obrigatorio, unha vez que rematen as probas, que os atletas e clubs premiados se acheguen ó auditorio municipal e cubran un documento cos datos requeridos (presentación do dni ou documento acreditativo da identidade, entidade bancaria, nº de conta, domicilio e tlf de contacto).

Os premios en metálico estarán suxeitos as correspondentes retencións legais vixentes.

\* No caso de choiva, a entrega de trofeos (escolares e adultos) será no Auditorio municipal a partir das 18:45h

## **11.- USO DE DATOS E DEREITOS DE IMAXE**

Todos/as os/as participantes no momento de realizar a súa inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxen nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa realización da inscrición o participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación etc.). Todos os dereitos de imaxe pertencen ao organizador (Concello de Padrón).

## **12.- SERVIZOS PARA OS/AS PARTICIPANTES**

Todos/as os/as participantes disporán dos seguintes servizos:

- Servizo de duchas nos Pavillóns municipais: Pavillón do Grupo Escolar (para homes) e Pavillón do Souto (para mulleres). Ambos pavillóns quedan a escasos metros da liña de meta. Horario: **15:30 a 19:30**.
- Proba absoluta e proba da categoría xuvenil con distancia homologada (10k e 5k respectivamente).
- Obsequio a todos/as os/as participantes.
- Avituallamento intermedio na proba absoluta(km 5) e en liña de meta para o resto de probas.
- Servizo de cronometraxe por chip (emesports).
- Sinalización kilométrica.
- Servizo de gardaroupa.
- Fotografía profesional.
- Caixóns saída por marcas (dorsais por cores): Élite – 40' / Caixón A – 50' / Caixón B +50'.
- Servizo de 2 ambulancias, 2 médicos e 2 sanitarios.
- Seguro de accidente deportivo para o corredor e RC do evento.
- Servizo de masaxes (Escola Europea Paras sanitaria).

### 13.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGLAMENTARIAS

A organización resérvase a potestade de cambiar os percorridos definidos nas categorías escolares, horarios ou modificar o regulamento, circunstancias que serán comunicadas aos participantes.

Calquer aspecto non recollido neste regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA e RFEA para probas en ruta en vigor.

A organización da proba declina toda a responsabilidade dos danos que os/as atletas puideran ocasionar, ocasionarse ou derivasen da participación destes nas probas. A organización tampouco se responsabiliza dos obxectos persoais que poidan extraviarse ou danarse.

Todos/as os/as atletas inscritos nas probas darán por aceptado o presente regulamento e o descoñecemento do mesmo non exime do seu cumprimento.

### 14.- PARTICIPACION DE ATLETAS DE OUTRAS FEDERACIONES AUTONÓMICAS E EXTRANXEIROS

Nesta proba a participación de atletas extranxeiros e de outras federacións autonómicas rexirase de acordo co disposto no artigo 3.4. do “**REGLAMENTO PARA LAS COMPETICIONES DE CAMPO A TRAVÉS, MARCHA, RUTA, TRAIL Y PISTA 2018-2019**”. Máis información de esta norma no ligazón:

[http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2019/06\\_ReglamentoCompeticiones.pdf](http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2019/06_ReglamentoCompeticiones.pdf)

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.

Poderán consultar os resultados oficiais e toda a información relativa ás probas nas webs:

[www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)

[www.emesports.es](http://www.emesports.es)

[www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal)

[www.correrengalicia.org](http://www.correrengalicia.org)